"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0171 [resolucion inicio tramitacion simplificada]";"9/04/21 13:38";"SIA 1497784 -- Expediente 167/2021 -- A28007748 ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. -- ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA- DANOS A VEHÍCULO CON MATRICULA 5404BJK -- INIO TRAMITACION SIMPLIFICADA";"167/2021";"Responsabilidade Patrimonial";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0169 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes B.H.S]";"9/04/21 13:38";"SIA 1497631 -- Expediente 384/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"384/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0170 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento J.C.F]";"9/04/21 13:38";"SIA 1497631 -- Expediente 383/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"383/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0168 [RESOLUCION DA ALCALDIA DE VALIDACIÓN DA PROMOCIÓN AUTONÓMICA DAS MEDIDAS MUNICIPAIS DE





Concello de Meaño

CONCILIACIÓN PARA O PROGRAMA LUDOCONCILIA MEAÑO];"9/04/21 13:38";"SOLICITUDE DE VALIDACIÓN DA PROMOCIÓN AUTONÓMICA DAS MEDIDAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN PARA O PROGRAMA LUDOCONCILIA MEAÑO.";"363/2021";"Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0166 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por Omisión P.R.R]";"9/04/21 10:55";"SIA 1497631 -- Expediente 374/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por Omisión--";"374/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0167 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes S.P.O]";"9/04/21 10:55";"SIA 1497631 -- Expediente 366/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"366/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0165 [RESOLUCION DA ALCALDIA ACCESO AO EXPDTE 985/2020 E COPIAS]";"7/04/21 14:50";"SIA 1497455 -- 400 Urbanismo y Medio Ambiente -- Expediente 985/2020 -- Comunicación previa desvío de auga de muíño particular ó Río da Chanca en Iglesia nº 11B - Lores (Dª Berta Filgueira Domínguez) --AUTORIZACION ISABEL DGUEZ DE ACCESO AO EXPDTE";"985/2020";"Declaracións Responsables ou Comunicacións Urbanísticas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0164 [RESOLUCION DA ALCALDIA DE CORRECCION DE ERROS]";"7/04/21 14:50";"CORRECCIÓN ERRO PREGO DE CLAUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACION DE INSTAL VIDEOMARCADOR PAVILLÓN COIRON-DENA --";"200/2021";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0163 [CONVOCATORIA PRBAS SELECTIVAS PLAN CONCELLOS 2021]";"7/04/21 14:02";"RESOLUCIÓN CONVOCATORIA PRBAS SELECTIVAS PLAN CONCELLOS 2021";"3/2021";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0162 [RESOLUCIÓN PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN O TEU PRIMEIRO EMPREGO]";"5/04/21 14:49";"PRORROGA CONTRATOS AO ABEIRO DO PLAN FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA PONTEVEDRA. O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020 --";"439/2020";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0161 [RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA XERACION Nº 6 AMPLIACIÓN PERÍODO SUBVENCIONABLE PROGRAMA O TEU PRIMEIRO EMPREGO]";"5/04/21 11:30";"RESOLUCION DE APROBACION XERACION DE CRÉDITO Nº 6 AMPLIACIÓN DO PROGRAMA O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020-2021 --";"362/2021";"Modificación de Crédito";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0160 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes J.F.C]";"5/04/21 10:02";"SIA 1497631 -- Expediente 327/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"327/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0159 [RESOLUCIÓN RECOÑECEMENTO SERVICIOS PREVIOS ANXO TELMO RINCÓN]";"31/03/21 13:53";"RESOLUCIÓN RECOÑECEMENTO TRIENIOS ANXO TELMO RINCON";"222/2021";"Dereitos e Deberes Tributivos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0158 [RESOLUCION DA ALCALDIA INCOACION EXDTE REPOSICION DA LEGALIDADE OS AGROS Nº 9]";"31/03/21 13:45";"SIA 1497455 -- 400 Urbanismo y Medio Ambiente -- Expediente 735/2020 -- 35425280J JOSE MARTINEZ BUEZAS -- INCOACION EXPDTE DE REPOSICION DA LEGALIDADE URBANISTICA";"735/2020";"Declaracións Responsables ou Comunicacións Urbanísticas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0157 [ORDEN DOMICILIACIÓN BANCARIA





Concello de Meaño

NÓMINAS DE MARZO 2021]";"31/03/21 9:12";"RESOLUCIÓN ORDEN DOMICILIACIÓN BANCARIA NÓMINAS MARZO 2021";"61/2021";"Nóminas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0155 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes B.R.C]";"31/03/21 9:06";"SIA 1490422 -- Expediente 313/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"313/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0156 [Incoacion Procedementos Sancionadores Materia Trafico]";"31/03/21 9:06";"Incoacion Procedementos sancionadores Materia Trafico";"152/2020";"Sancionador de Tráfico e Transportes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0154 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes D.C.R]";"31/03/21 9:06";"SIA 1490422 -- Expediente 313/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"313/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0153 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes H.C.R]";"31/03/21 9:06";"SIA 1490422 -- Expediente 313/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"313/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0152 [Orden Transferencia facturas marzo]";"31/03/21 9:06";"Orden e transferencia pagos facturas marzo";"64/2021";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0151 [RESOLUCIÓN GRATIFICACIÓN PRODUCTIVIDADE MARZO]";"30/03/21 14:52";"RESOLUCIÓN GRATIFICACIÓN PRODUCTIVIDADE NÓMINAS MARZO 2021";"61/2021";"Nóminas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0149 [RELACION APROBACION PAGOS MARZO]";"30/03/21 14:52";"Relación aprobación de pagos marzo."; "64/2021";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0150 [Resolucions de reparos]";"30/03/21 14:52";"RESOLUCIÓN DE REPAROS RELACION DE CONFORMIDADE 00002";"64/2021";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0148 [RESOLUCION ALCALDIA MARZO]";"29/03/21 12:43";"Resolucion entrega de alimentos mes de marzo";"54/2021";"Servizos Sociais (Alta ou Seguimento)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0147 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes R.M.S.C]";"29/03/21 9:11";"SIA 1497631 -- Expediente 324/2021 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"324/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

O Pleno da Corporación queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía neste período.

C) Rogos e preguntas

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

*** O voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE anunciou por escrito os seguinte rogos e preguntas:**





Concello de Meaño

ROGOS

1. O día 10/05/2021 ás 16:38 h. presentamos por Rexistro, en tempo e forma, unha moción que decidiron non incluír neste pleno. Dende a lexislatura pasada, despois de vernos obrigados a acudir á Valedora do Pobo, respetamos rigurosamente a normativa que tantas veces se nos repetiu neste salón de plenos. Por este motivo coñecemos a diferenza entre unha moción e un rogo, polo que o que solicitabamos nesta moción sí tería a consideración de moción. Non estamos de acordo co criterio arbitrario da Alcaldía.

2. Observando os colectores de lixo no noso concello, coma o que se adxunta na fotografía, parece evidente a urxente necesidade de formación á veciñanza, á hora de clasificar o lixo e depositalo no colector adecuado. Polo ben do medio ambiente e pola redución de impropios, coas conseguíntes reducións de sancións, debería ser unha actuación prioritaria, demanda que presentamos en repetidas ocasións.

3. Relacionado co rogo anterior, atópase a maior promoción do punto limpo, dando maior coñecemento do seu horario, así coma a súa gratuidade. Hai veciñanza que descoñece este feito. Solicitamos hoxe outra vez a posta en marcha da recollida de voluminosos.

4. O lixo que se ve na imaxe leva varias semanas na estrada, incluso se botou encima máis lixo posteriormente, sen que se recolla, dando unha imaxe moi pouco apropiada e nada educativa. Debería retirarse á maior brevidade.

5. Cremos que é prioritario e necesario que a páxina web do Concello estea actualizada. Por exemplo, non pode ser que buscando unha información atopemos a do curso 2017- 2018 e non a do curso actual. <http://www.concellodemearno.com/ga/2/servizos/26/educacion-e-cultura>.

6. Solicitamos, unha vez máis, que o Concello, de oficio, inste aos propietarios das fincas coa maleza descontrolada, a súa limpeza.

7. A carretera que vai dende o lugar da Igrexa, en Cobas, hacia Fofán, Armenteira, cando comeza o bo tempo sofre un aumento do seu uso, tanto por vehículos como por viandantes que queren disfrutar de San Cibrán. Requerimos o seu óptimo mantemento, tanto do pavimento como da limpeza dos beirales.

8. Na área recreativa de Os Pasales, ao lado do local da Asociación de Veciños de Dena, o Concello instalou algo similar a unha pista de petanca, pero é unha sombra do que de verdade sería unha pista de petanca ben preparada, como a da seguinte imaxe:

Solicitamos un punto de luz na pista que vai da Bouza de Axís hacia Dorrón, xa que é un vial moi utilizado polos veciños e veciñas de Simes para andar.

9. meses que foi concedida a subvención da carretera de Abuín, pero inda que se marcaron árbores e se clavarón estacas, alí non se ven máquinas. A obra xa tiña que haber empezado. Rogamos axilidade na súa execución. Por certo, o luns abre unha gran superficie no Parque empresarial de Nantes.

10. A carretera de subida ao Outeiro en Meaño é estreita. Ademais, ten unha gabia moi fonda e con maleza. Este feito dificulta o tránsito de coches e camións. Rogamos que se canalice e cubra en condicións a gabia.

11. Deberíase revisar o pavimento de distintas pistas das parroquias, como por exemplo o camiño da Bouza en Meaño.

12. A fonte da Bouza en Meaño, presenta un estado lamentable, como apreciamos na





Concello de Meaño

foto. Rogamos se solucione o antes posible, posto que é perigoso para os viandantes.

13. Igual que a documentación do concello se elabora en galego, estaría ben que os regalos que se den dende o concello fosen dinamizando e normalizando o noso idioma. Non pasa nada por recoñecer un erro.

14. Novamente insistimos en tratar de evitar facturas de provedores que se conviryan en reparos por parte da Secretaria-intervención ao final do ano.

PREGUNTAS

1. En que estado está o pozo de Meaño, denunciado por unha veciña no 2019? Dende Augas de Galicia ou desde o Concello non se pode realizar ningunha acción co propietario de terreo para poder cerralo o ante posible?

2. Sabemos que estivo na Feira de Fitur en Madrid, que aportacións lle trouxo para o concello a súa presenza alí, ademais de mellorar as relacións con outros Concellos do Salnés e voceiros autonómicos?

3. A través do programa Revitaliza, o concello de Meaño acolleuse á contratación dun mestre en compostaxe, subvencionado pola Deputación, o 100% o primeiro ano, o 50% o segundo e o terceiro o 30%. Cando ten previsto que se incorpore á plantilla do noso concello e comezar coa súa labor? Sábese a contía que acadará o seu soldo?

4. O Concello de Meaño adheriuse ao Centro de Información da Muller da Mancomunidade do Salnés. As interesadas serán atendidas polos servizos sociais do noso concello. Contéplase a contratación de máis persoal ou, no seu defecto, solicitar á Deputación persoal, para a atención das peticións que poidan chegar e así non saturar máis este servizo?

5. Que obras se levaron a cabo ao lado dos semáforos de Dena? Por que estivo tanto tempo aberto ese buraco? Cando vai quedar completamente arranxado e se van retirar os sinais e vaías?

6. O 21 de abril démoslle entrada, no rexistro do Concello, a unha serie de preguntas ás que inda non nos respostaron. É por esta razón pola que as traemos a este Pleno.

7.-A quen corresponde a titulariedade da propiedade do terreo, situado diante do Bar Bartolo, ata a beirarrúa da estrada PO-550? Existe algún tipo de documentación que o acredite no Concello de Meaño ou nalgún outro rexistro?

De ser propiedade non particular, que actuacións ou medidas vai levar a cabo o Concello de Meaño, para recuperar o normal uso desa zona?

De ser propiedade particular, o Concello de Meaño ten previsto entablar algún tipo de diálogo ou negociación, para recuperar o normal uso desa zona?

Desde a entrada no rexistro das preguntas que acabamos de facer, no terreo en cuestión elimináronse as cintas e os neumáticos que impedían o paso, aínda que se realizaron uns furados nese perímetro. Significa que houbo diálogo, xuízo ou acordo?

8. Figura a igrexa de Meaño e o terreo propiedade da Igrexa como de uso relixioso no PXOM ou figura con outro tipo de uso? De figurar cun uso diferente do relixioso, modificouse dito uso nos últimos 30 anos? De ser a resposta afirmativa, en que ano se produciu e debido a que?

9. En que situación se atopa a modificación puntual do PXOM, solicitada polos 5 veciños de Meaño,





Concello de Meaño

para a corrección do uso do solo da súa propiedade, pola que xa preguntamos varias veces? Cal foi a resposta, ao respecto da Xunta? Que medidas vai tomar a Alcaldía?

10.No pasado Pleno, nos presupostos para este ano, incluíase unha partida de 5000 euros para afrontar o Asmubal gastos por xogar na División de Plata, despois dunha reunión entre os voceiros deste Pleno e a Secretaría-Intervención. Era unha petición do club, que se viu obrigado, no mes de novembro (24/11/2020), a convocar a unha reunión aos partidos políticos deste concello, para dar a coñecer esta demanda. Sorprendentemente algún partido presente en ambas reunións decidiu votar en contra desta petición. Ademais desta axuda, o club solicitaba poder usar os vestiarios completamente, agora ocupado algún deles como almacén. Ante isto, a Alcaldía falou de realizar obras nos vestiarios. Levamos varios Plenos preguntando sobre elas. Volvemos preguntar, comezaron as obras dos vestiarios do Pavillón de Dena?

11.Na Comisión de Contas do luns 24, coma sempre que hai alguha comisión, nas que sempre votamos, argumentamos e facemos preguntas, xa que é o traballo que debemos facer como concelleiros, realizamos unha serie de preguntas, ás que non puideron darnos resposta. Traémolas novamente hoxe aquí:

-Sobre as horas dos sábados, domingos e festivos, cantos usuarios demandan este servizo de media ao mes?

-Cantos usuarios hai neste momento na lista de Agarda?

-En canto ás vacacións, estas son rotativas entre os traballadores ou simultaneas entre uns e outros?

-Cantos usuarios hai no SAF actualmente?

-Cantos usuarios hai por coidador do SAF?

-Cantas personas supervisan o traballo diario do SAF e con que función?

12.Con que asiduidade no último ano se estivo realizando a limpeza da maleza das beirrarúas e cunetas?

13. En que situación se atopa o conflito surxido por unhas prazas de aparcamento na Praza dos Agros, Meaño?

14.Por que motivo se está a requerir a declaración da renda para solicitar praza no campamento infantil? Cales son os criterios de selección e por qué se modificaron respecto ao ano anterior? Van existir prazas gratuítas para as familias con maiores dificultades económicas?

Por qué razón tan só existen 27 prazas para o CEIP de Coirón?

15.O lavadoiro de Quintáns, en Simes, foi arreglado grazas a unha petición da nosa agrupación, pero despois de 2 meses sen ningunha incidencia, deixou de funcionar. Saben por qué motivo?

16.Despois de ver en diferentes medios de comunicación, informacións diversas sobre o famoso marcador, estaría ben que nos explicase que uso vai a ter en concreto e onde se vai a ubicar?

17.Existe algún problema na Atención Primaria no Centro de Saúde de Meaño? Cúbreanse as baixas que se producen entre o persoal médico? Estanse a dar citas a 15 días, o que resulta un tempo moi elevado para conseguir unha cita.

18.Na resolución da Alcaldía aparece un reintegro parcial da axuda percibida ao abeiro das bases reguladoras das axudas básicas de emerxencia social para o ano 2020, cun detalle de 1.243,75 €, a que se refire?


19.A que corresponde os 4.923,49 € pagados a Brincatel España SL. promoción nº 31?

20. 5.644,73 € de horas de taller de José Manuel González Prieto, a que se deberon?

21.Que Xuízo Verbal se corresponde co 506/2019, para os que contrataron os servizos dun abogado?

22. A que se correspondeu o rebaixado, empastado, pulido e abrillantado de 2.752,75 € de Carmen Touriño Garrido.

*** O voceiro do Grupo Municipal de electores Veciñal Meaño Independiente**





Concello de Meaño

anunciou por escrito as seguintes preguntas:

PREGUNTAS

1.-SAF:

-Por qué NON foi admitida a MOCIÓN que presentamos en tempo e forma en relación ó pago pendente ás traballadoras do SAF? Informou ó resto dos representantes desta corporación da presentación desta moción e do seu contido? Pensa facer ese pago tal e como se indica na acta da funcionaria de traballo?

-Nos presupostos presentados para o 2021, cal é o desglose da partida 2313.130.00 por importe de 81.000€ para retribución de persoal de axuda a domicilio?

-Por qué non se da todo o servizo de maneira pública? Preguntoulle ás traballadoras deste servizo si estarían en disposición de aumentar a súa xornada laboral ata a xornada completa, dando un servizo de máis calidade e estabilidade ós usuarios deste colectivo tan vulnerable e que debemos coidar de maneira especial?

Sabe que de ser así, e coa contratación de outros/as dos/duas profesionais gastaríamos case 60.000€ menos? Recordamos que pagamos á empresa 155.000€ ó ano

Existe algún informe de intervención sobre o custo económico que suporía ofrecer máis horas ás traballadoras municipais? Por qué non se fai?

2. – Nos meses de marzo, abril e maio houbo traballadoras de baixa nos servizos do Centro Social Polivalente, na escola infantil, escola de música ou nas oficinas administrativas?

Como se cubriron esas baixas?

Foron, enviadas/os por vostede, traballadoras/os municipais, a traballar a outros postos de traballo distintos e non contemplados no seu contrato laboral co Concello? Teñen a formación esixida para desenrolar estas funcións?

3.-Como é posible que outra vez, para este 2021, vaia vostede a pechar a escola infantil no verán? Non era este un compromiso seu?

Vai a continuar pechado o centro social polivalente durante o verán ou parte del? Vai pechar máis servizos ós veciños, xa que entre os que pecha e os que está a privatizar, en que imos a rematar, nunha empresa privada?

4.-Xa ten pactado as vacacións co persoal destes servizos dirixidos ós veciños (Centro Social Polivalente, na escola infantil e nas oficinas administrativas), e que non poden deixar de prestarse durante todo o ano? Vostede ten a obriga de garantir o cumprimento deste dereito. Nós solicitaremos o cadro de vacacións do persoal, comprobaremos que se cumpra conforme a Lei, e tamén solicitaremos o acceso o sistema de control horario dende inicio deste ano 2021.

5.- Coa súa decisión de privatizar o Campamento de Verán, cal vai ser a situación das traballadoras que desenvolvían esta labor dende hai anos e que inspección de traballo recoñeceu, ou recoñecería, como fixas discontinuas? Imos ter que pagar unha indemnización por non contratalas este verán?

Sendo este o caso, e contando que as bases de Ludoconcilia non garanten o acceso a usuarios que sí o poidan precisar, por non poder demostrar no momento da solicitude que teñen un contrato laboral no verán, solicitamos a retirada desta licitación e sexa ofertada de xeito público, de non ser así solicitamos que se retire a esixencia “de certificado de empresa na que traballe que se acredite, xornada do contrato e duración”

Cal vai a ser o coste deste servizo para os usuarios?

6.- A qué se refire un pago a Manuel Barbeito en concepto “reunións e traballos arzobispado suelo casa





Concello de Meaño

cultura, e por importe de 3.388,00€ ?

7.-A qué corresponde a factura por importe de 2.420,00€ a Electricidad Lesta SL, na que di “metros de tubo luminoso de LED”?

8.-A qué se corresponde a factura por importe de 2.420€ de Jaime Ángel Santorio Cuartero?

9.-Cal foi o custe dos servizos prestados pola empresa Retnova Proxectia Consulting SI? Solicitouse outro precio ou presuposto para o mesmo servizo?

10.- Vaise incluír no proxecto de seguridade viaria a humanización do tramo fronte ó Pazo de Lis que está sen aceras, e a mellora da seguridade viaria e acceso ó colexio de As Covas e centro de saúde de Meaño? Para nós estes proxectos son prioritarios.

11.-A qué se corresponden as facturas de levantamento topográfico na rúa Herminia Fariña e Campo da Feira?

12.-Cal foi o motivo de que a Concelleira de Cultura fixese unhas declaracións na prensa dicindo que o concurso de relatos non era polas Letras Galegas cando a convocatoria da comisión e bases dicía que si o era? Quen decidiu mercar eses libros? Por qué só participou 1 centro educativo dos 3 que hai no Concello para maiores de 6 anos?

13.-Cal é o problema na explanada do Bertolo, e cal foi o resultado da súa xestión si fixo algunha?

14.-Van comezar as obras do vial de Abuín sen rematar a rectificación da obra que non se axustaba á legalidade do transformador? Cando empezan estas obras do vial? É certo que as obras non comezan porque parece que hai unha veciña que foi supostamente enganada por vostede e outro concelleiro no que tiña que ceder para a citada obra?

15.-Foi mercado o vehículo con grúa, segundo anunciou no Pleno do 15 de xuño de 2020, onde vostede dixo: “A día de hoxe, o Concello de Meaño solicitou á Xunta de Galicia, unha subvención para adquirir un vehículo con grúa para a retirada de voluminosos”, ou NON se pideu, ou incluso NON foi concedida?

16.-Cales foron as xestións realizadas co Alcalde do Concello de Sanxenxo ó respecto de evitar os verquidos do polígono de Nantes, tal e como se aprobou na moción de novembro?

17.-En que estado está, e cando se vai a aplicar a RPT, cando ademais por parte do concello xa se procedeu ó pago á empresa, por un total de 8.470€, e polo tanto enténdes que o servizo está prestado?

18.-Nas resolucións que nos pasou destes 3 meses hai pagados 10.490,06€ a avogados. Ademais pagouse a técnicos 34.097€. Moitas destas facturas e gastos contan co Reparación da Sra Secretaria. Pensa seguir con esta política de gasto incontrolado, onde os nosos técnicos poderían facer parte dese traballo, e cos gastos de avogados onde ademais a maioría dos procedementos veñen resoltos en contra?

Pensa tomar algunha medida na súa xestión descontrolada, cando hai case 600 reparos de facturas da Sra Secretaria so no ano 2020?

Pensa en recurrir, ou xa está recurrido o procedemento sobre un vial que saíu referido na prensa deste mes?

19.-Canto se paga en concepto de promoción e turismo do noso Concello á Mancomunidade?

20.- Por qué non foi aceptada a nosa moción sobre a retirada do amianto nos colexios do Concello? Que pensa vostede facer ó respecto, e vendo que en numerosos concellos da nosa Provincia se están a facer estes traballos tan necesarios?

21.-Que inclúe a partida presupostaria de 14.000€ para os colexios? Inclúe gastos correntes?

O Sr. alcalde-presidente pasa a leer e responder as preguntas formuladas, por orde decrecente de representación.





Concello de Meaño

No curso deste punto e despois de chamadas ao orde por parte da Presidencia, abandona a sesión, a iniciativa propia e amosando a súa diconformidade ao desenvolvemento do mesmo, o voceiro do Grupo Municipal de electores Veciñal Meaño Independiente, o Sr. Ásperez Montes; tomando a palabra a Sra. Castro Pintos, que segue con un rogo.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, polo Sr. presidente dáse por rematada ás 21:40:59 horas, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade e integridade coa seguinte sinatura dixital: SHA512 - eedb3733940551c405b233396268f7f7dcf3f14a6f36300948ed671e6385be628b3bfe83c206d62d0fd89ff52443a556fbb13236c4ecb3dd00aeb61d6a799f6

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

